

# C

## CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL

Vid. Rodríguez Pampín, José Manuel

## CABADA VÁZQUEZ, XOSÉ MANUEL

(San Xurxo de Codeseda-A Estrada, 1901; Linares-Jaén, 1936). Preferentemente poeta, sitúase entre aqueles que por idade serían membros da xeración do 22\* nos que a pegada das correntes renovadoras é praticamente imperceptible (só algúns que outro recurso tomado de Amado Carballo\*), manténdose nos espacios epigonais. Fillo de pais campesiños, segue a carreira eclesiástica en Santiago de Compostela, simultaneánda coa de Maxisterio e a de Filosofía e Letras. Mestre nacional e diácono en 1930, licenciado en Historia en 1931, oposita a catedras de Latín e é nomeado profesor e director do Instituto de Medina de Rioseco (Valladolid) en 1933, trasladándose no curso seguinte ó de Linares. Colaborou en diversas publicacións, como *Vida Gallega ou Nós*, e foi un dos asinantes da “Afirmación Católica dun Grupo de Nacionalistas” (1931). *Vagalumes* (1931), o seu único libro de poemas, editado grazias ós alentos do seu amigo Amor Ruibal\*, tivo no seu tempo unha acollida discreta, se ben Iglesia Alvariño\*, Filgueira Valverde\* e Hipólito de Sa\*, entre outros, reseñan a obra con simpatía. Con posterioridade —despois áinda de ser revalorizada

por Álvaro de las Casas\* na súa *Antoloxía* do 39—, esténdese o cualificativo xenérico “decimonónico” para a súa caracterización e o libro chega a se converter en peza de bibliófilo ata que en 1989, como cumio da serie de actos organizados pola “Asociación de Fillos e Amigos da Estrada”, se reedita facsimilariamente cun cumprido prólogo de X. Alonso Montero\*, quen reivindica a dermidade de certos poemas. Nisto inclúen Cabada Castro pouco despois, subliñan autenticidade que nace da vivencia interior do tempo. A parte doutros poemas non collidos en *Vagalumes*, foron publicados en revistas no mesmo ano 31 seis textos decididamente imaxinistas. En prosa gañou ofreceu só algúns pequenos traballo, tales “O mestre Amor Ruibal. Verbas dito” (na revista *Logos* 1).

### BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, X., “Xosé Manuel Cabada Vázquez: O home e o poeta (Cronología, estudio e bibliografía)”, en *Vagalumes*, facsímile, A Estrada, 1989.

Cabada Castro, M., “Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936), poeta, galego e educador. Representación dun ana nosa propia cultura”, *Grial* 105, 1990.

## CABANA YÁÑEZ, DARÍO XOHÁN

(Roás-Costeiro-Terra Cha, 1952). narrador e traductor. É un dos nosos

res más prolíficos, contando no seu haber cun elevado número de galardóns e cun más que recoñecido prestixio malia a súa xuventude. Encargado, na actualidade, do auditorio do Concello de Lugo, traballou nunha editorial viguesa durante algúns anos, ademais de se dedicar a diversos oficios que compaxinou co exercicio da creación literaria. Colabora con numerosos medios da prensa escrita como *Adiante*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *A trabe de ouro*, etc. A súa obra literaria iniciouse no campo da poesía, principiando ó abeiro da roda do socialrealismo que abriran Celso Emilio Ferreiro\* ou Manuel María\*. Mais axiña virará cara á consecución dunha voz propia onde destacan a evocación da súa terra natal en numerosas composicións meta-paisaxísticas, optando por unha modalidade máis clasicista e cultivada. A súa ampla obra poética cínguese, polo de agora, ós seguintes títulos: *Verbas a un irmao* (1970); *Home e terra* (Colección Val de Lemos, 1970); *Romanceiro da Terra Cha* (Colección Pico Sagro, 1973); *Mortos porque Galicia viva* (1973); *Elexia nunha escuridade mortal* (1974); *Os campos da fame* (1980); *Ábrelle a porta ó día* (1981); *A fraga amurallada* (1983); *Cantigas de amor vilao* (1987); *VIII fragmentos* (1987); *Amor e tempo liso* (1989); *Patria do mar* (1989); *Cinco lendas* (1993), onde recrea en verso as figuras do rei Don García, María Soliña, María Castaña, Ith fillo de Breogán e, por último, San Froilán; o autor segue a insistir na evocación do papel da tradición na construcción dun presente máis digno reclamando a validez do exercicio literario para gozar e transformar o mundo coa destreza que o caracteriza na explotación de novos recursos lingüísticos que reflicte neste e nos seus anteriores libros. Finalmente hai que sinalar *Canta de cerca a morte* (1994), Premio Martín Codax de poesía; ó que se deben engadir dúas escolmas dis-

postas polo autor: *Antoloxía poética* (Diario 16 de Galicia, Biblioteca de Autores Galegos, 61, 1992), e mais *Recoleita* (El Correo Gallego, Biblioteca 114, 99, 1992). Na poesía de Cabana advírtese unha clara evolución dende a poetización da terra natal dos primeiros volumes, ata a depuración técnica que supón o uso de esquemas máis clásicos como o soneto, sen esquecer unha alta dose de compromiso cívico que ás veces se manifesta por medio da expresión vivencial. No xénero da narrativa estroue con *Memoria dunha aldea* (1973), volume en clave de crónica e, tras un longo silencio editorial, que non creativo, publicará dezaseis anos despois *Galván en Saor\** (1989), Premio Xerais de novela nese ano, co que irrompe con forza e especial fortuna no panorama narrativo galego, constituíndo unha das aportacións clave na década dos oitenta e que contén en gromo boa parte do que ata agora é un dos elementos identificativos do seu universo literario: a recreación de motivos presentes na Materia de Bretaña\* desde unha óptica renovadora e sumamente persoal. A este volume seguirían: *Fortunato de Trasmundi* (1990), finalista do Premio Blanco Amor nesa convocatoria e no que dispón, a xeito de fábula moral, unha visión particular do noso pasado e da nosa realidade; *O libro dos moradores* (1990), proposta lúdica que constrúe un mundo máxico peculiar; *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro* (1992), finalista do Premio Torrente Ballester de novela, onde recrea un punto crucial da nosa historia como pobo diferenciado, na encrucillada que provoca a frustración política dunha existencia independente, cunha formulación bastante complexa, onde a crenza nunha fermosa utopía do establecemento dunha sociedade igualitaria parece dominar a intencionalidade do libro; en *Vidas senlleiras* (1992), Premio Cidade de Lugo, abéirase ó xénero do relato curto desde o que continúa a construír o seu propio universo simbólico, agora

un pouco afastado de motivos anteriores pero onde sempre abala entre o imaxinario e o real. Tamén nos tres breves relatos de *Cerco de ferro* (1994) redunda nos riscos que van configurando a súa narrativa; nese ano voltaría a gañar o Premio Xerais con *O cervo na torre*, de evidente lectura alegórica. No chamado xénero de literatura infantil e/ou xuvenil deixou tamén boas mostras do seu labor como son: *Chirlo merlo na figueira* (1989); *As aventuras de Breogán Folgueira* (1990); *O avión de Cangas* (1992); *As viaxes do príncipe azul* (1993); *O milagre das estrelas. Aventuras do Mago Antón no Camiño de Santiago* (1993), *Chucho Cucho e O castrón de ouro* (1994), Premio Barco de Vapor na súa décima convocatoria. Para finalizar, cómpre salientar o seu magnífico labor de tradutor de clásicos italianos, refrendado pola obtención de diversos premios, como son os títulos: Francesco Petrarca, *Cancioneiro* (1989); Dante Alighieri, *A divina comedia* (1990) e *Vida nova* (1994) esta última galardoada co Premio Ramón Cabanillas.

#### BIBLIOGRAFÍA

*Vid. AT, GEG*

Araguas, V., “A forza da poesía”, *Dorna* 16, 1990.

Carro, X., “Benvido, señor Galván”, *Grial* 106, 1990.

González Millán, X., “Galván en Saor. Un ejercicio de esquizofrenia narrativa”, *Grial* 115, 1992.

Nicolás, R., “Darío Xohán Cabana: Cándido Branco e o Cabaleiro Negro”, *Anuario de estudios literarios galegos* I, 1992.

Vilavedra, D., “A culminación da endogamia”, *El Correo Gallego*, Supl. “Revista das Letras”, 1-III-1991.

#### CABANILLAS ENRÍQUEZ, RAMÓN

(Fefiñáns-Cambados, 1876; Cambados, 1959). Poeta e autor teatral, cultivou tamén a traducción e, esporadicamente, a prosa.

Considérase unha das voces más destacadas da literatura do século XX, o que lle valeu en vida a denominación de “Poeta da Raza”, situándose na promoción de escritores de transición que recibiu o nome de Antre dous séculos\* ou das Irmandades da Fala\*. A súa produción poética testemuña a existencia dun excelente versificador que pulsou diversos rexistros temáticos —o amoroso, o relixioso e o de preocupación cívica— e estilísticos con fortuna. Ademais de apoiar o movemento agrarista, converteuse nun símbolo literario do nacionalismo de pre-guerra pertencendo ás Irmandades da Fala, ó Seminario de Estudos Galegos, onde entrou co discurso *As romaxes de Nosa Señora da Franqueira. Apuntes dun ofrecido* —logo publicado en *Nós*, 1927—, á Real Academia Galega —onde ingresou en Mondariz, con Antonio Rey Soto\*, co discurso *A saudade nos poetas galegos* (1920)— e á Real Academia Española (1929) en representación das letras galegas cun discurso sobre a vida e obra de Pondal\*, a carón de Armando Cotarelo Valledor\*. Tras os seus primeiros estudos ingresou no Seminario de San Martiño Pinario en 1889 e alí residuó ata 1893, onde foi adquirindo interese pola lectura. Logo pasou a desempeñar funcións burocráticas na súa vila natal, primeiro nunha notaría e despois no concello ó longo de dez anos. Casado con Eudoxia Álvarez, emigrou a Cuba en 1910, e na Habana foi contable de comercio e administrador do Teatro Nacional, propiedade do Centro Galego, dirixindo o boletín *El Centro* e redactando os novos estatutos da entidade. En 1912 volve a Cambados onde quedara a súa muller e asiste a un mitin de Acción Gallega en Vilagarcía, simpatizando por estas datas cos postulados contidos no movemento agrarista liderado por Basilio Álvarez. Meses despois regresa a Cuba onde publica, probablemente a instancias de Xosé Fontenla Leal —animador da posta en marcha da